

PLAN DE ORIENTACIÓN

CEIP VIRXE DE COVADONGA

CURSO 20-21

1. ÍNDICE

2. INTRODUCCIÓN

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3.1 CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

3.2 O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.2.1 COMPOSICIÓN

3.2.2 REUNIÓN.

4. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA NORMATIVA

5. OBXECTIVOS

5.1. XERAIS

5.2. ESPECÍFICOS

6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

6.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS

6.2. PLAN XERAL DE TRABALLO

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

8. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

2. INTRODUCCIÓN.

A orientación educativa é un conxunto de accións destinadas ós alumnos/as, profesores/as e ás familias co obxectivo de contribuír no desenvolvemento das tarefas dentro do ámbito específico dos centros escolares.

O presente curso escolar está marcado polo COVID-19. Neste sentido afrontamos unha situación excepcional que afecta en grande medida á escola, por ser un espazo onde confluímos alumnado, profesorado e familias no labor educativo. O factor presencial aumenta o risco polo que tomamos man dun protocolo COVID elaborado dende o centro escolar. E dende a Orientación deste centro ademais teremos en conta apoiar no tocante a circunstancias emocionais que dita situación pandémica poida xerar na comunidade educativa, sobre todo no alumnado. Os traumas e o estrés; como detectar que unha situación está sendo estresante para un alumno/a?; como reducir o estrés cerebral?; recursos para eliminar o estrés nos nenos/as; como axudar ó alumnado a xestionar as súas emocións..., serán aspectos que dende a función orientadora máis que nunca temos que ter presentes e abordar.

Con todo, a partir da publicación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade, a orientación séguese concibindo como unha actividade esencialmente educativa; fronte o carácter de axuda externa e paralela á ensinanza. Hoxe enténdese como unha dimensión máis da acción educativa na institución escolar, a cal tería dúas dimensións complementarias: a instrutiva e a Orientadora.

A LOMCE, inclúe dentro dos aspectos básicos que contribúen a calidade educativa da ensinanza a orientación cando é concibida desde os seguintes supostos xerais:

- É entendida como orientación para a vida.
- Cando supón un asesoramento continuado para a elección entre diversas opcións ou posibilidades.
- A orientación é a propia educación, xa que debe ter en conta as necesidades reais dos individuos e os grupos.

- Ten que estar enmarcada desde a dobre perspectiva dos procesos de ensinanza e do proceso individual de desenvolvemento psicoevolutivo do estudante.
- Só encontra xustificación na medida que supón unha actitude auténtica de axuda ó individuo.

Enténdese que a Orientación Escolar debe ir dirixida a tódolos alumnos/as, non só a aqueles que teñan dificultades na súa aprendizaxe. É necesario que cumpra os principios de prevención, desenrolo e intervención social. Non pode ser unha intervención puntual.

As características básicas da orientación son as que se detallan a continuación:

- Carácter comprensivo (na medida en que se oferta a todos os alumnos/as e non só a aqueles que presentan NEAE).
- Carácter contextualizador (adaptada a un centro concreto).
- Carácter integrador (integrada nos diferentes documentos de centro e asumida pola comunidade educativa).
- Carácter especializado (está a cargo dun especialista que desenvolve programas de intervención).
- Carácter personalizado.

O plan de orientación é un instrumento básico para intentar dinamizar o proceso pedagógico-didáctico do centro educativo. Dentro inclúense aspectos propios da orientación -persoal, académica e profesional- e algúns métodos relacionados coa atención á diversidade de necesidades educativas e cos procesos de ensino e aprendizaxe.

Unha gran parte das actuacións que se recollen no presente documento, así como dos obxectivos que dende aquí se procuran, levaranse a termo dentro do propio desenvolvemento das programacións dos diferentes departamentos e niveis, do Plan de

Acción Titorial, do Plan Xeral de Atención á Diversidade, do Plan de Convivencia, do Proxecto Lector, do Plan Lingüístico do Centro e dende o resto de proxectos nos que participa o centro e que desenvolverá durante o curso 2020/2021, ademais da concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade. Esta programación canalízase, fundamentalmente a través do PAT e do PXAD no que se introducen actuacións ordinarias referidas á atención á diversidade desde a orientación, e a orientación académica e profesional. O Obxectivo que se persegue é a xeneralización das estratexias aprendidas e o progreso na autonomía dos alumnos, apoiándose, polo tanto nos procesos de ensino aprendizaxe no seu sentido máis amplo.

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O CEIP Virxe de Covadonga, está situado nun barrio da periferia de Ourense, chamado Guizamonde. Zona deprimida economicamente, con escaseza de traballo e actividades culturais. Todo isto inflúe negativamente nalgúns nenos/as que asisten a este centro, amosando dificultades no desenvolvemento das súas aprendizaxes e relacións sociais.

Este centro, conta cun anexo no barrio de Eiroás, onde as familias teñen un mellor nivel socioeconómico. Sen embargo, están aumentando as dificultades na aprendizaxe, sobre todo, nos nenos/as inmigrantes e de minorías étnicas.

O edificio emprazado no barrio de Guizamonde, está formado por unha unidade de educación infantil e 3 de educación primaria, estando agrupados os nenos de 4º, 5º e 6º de EI, os nenos de 1º e 2º de EP, os nenos de 3º e 4º de EP e os nenos de 5º e 6º de EP.

O edificio situado no barrio de Eiroás, conta con tres unidades de educación infantil e seis de primaria, cada nivel nunha aula.

No tocante a recursos humanos, o CEIP Virxe de Covadonga conta con:

- 5 profesoras de Educación Infantil.

- 9 profesores/as de Educación Primaria.
- 2 profesoras de Lingua Estranxeira (inglés).
- 2 profesores/as de Educación Física.
- 1 profesora de Música.
- 3 profesores/as de Pedagogía Terapéutica a tempo completo.
- 1 profesora de Audición e Linguaxe a tempo completo.
- 1 profesora de Relixión.
- 1 Orientadora (compartida).

No centro están matriculados ao redor de 156 nenos e nenas.

Ademais, o Departamento de Orientación ten adscrito ao CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedraio, situado a 16 km de Ourense, en Amoeiro. Esta zona é unha zona onde as familias teñen un nivel socioeconómico medio e dispoñen dunha gran oferta de actividades culturais; todo isto inflúe na mellora do nivel académico que presenta o alumnado e nas relacións sociais.

O centro conta con 2 unidades de educación infantil (unha para 4º-5º de EI e outra para 6º de EI, pero tendo en conta que por organización de centro o grupo de 5º de EI está repartido entre 4º e 6º de EI, onde se localizan as titorías e conformando así grupos mixtos) e 4 unidades de educación primaria (estando agrupados 1º-2º de EP e 3º-4º de EP, e 5º e 6º de EP independentemente).

No que respecta aos recursos humanos o CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedraio conta con:

- 2 profesoras de Educación Infantil.
- 3 profesores/as de Educación Primaria.
- 1 profesor de Educación Física.
- 1 profesora de Educación Musical.

- 1 profesora de Filoloxía Inglesa.
- 1 profesora de Pedagogía Terapéutica (compartida).
- 1 profesora de Relixión (compartida).
- 1 Orientadora (compartida).

O número de alumnas e alumnos que asiste ao centro é de 69.

3.2. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.2.1. COMPOSICIÓN

Está constituído polas seguintes persoas:

Vanessa D. Rodríguez Basteiro (Xefa do Departamento de Orientación).

Beatriz García Rodríguez (Profesora de PT).

Begoña Rodríguez Macía (Profesora PT).

Modesto Prada Rodríguez (Profesor de PT).

M^a Lorena Herrera Carballo (Profesora de AL).

M^a Flora Calviño Martínez. (Coordinadora de Infantil).

M^a Dolores Castro Cruz (Coord. 1º nivel).

Karla A. Alonso Alves (Coord. 2 nivel).

Marcos Macía González (Coord. 3º nivel).

María Dolores Pérez Nóvoa (Coord. 4º nivel).

Celsa Pérez López (Coord. 5º nivel).

David González González (Coord. 6º nivel).

Julio César Rodríguez Mosquera (Xefe de Estudos).

M^a Beatriz González Limia (Responsable do centro adscrito, CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo).

Os seus integrantes desenvolveran as funcións recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento de ditas centros, no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2.2. REUNIÓN

O Departamento de Orientación reunirse os cuartos martes do mes en horario de 17.00 a 18.00 e todos os venres a 4º hora reuniranse a Orientadora e os mestres de Pedagogía Terapéutica e a mestra de Audición e Linguaxe. Nestas reunións farase un seguimento do alumnado e comentaranse posibles dificultades que poidan ir xurdindo, así como adaptaranse en todo momento que sexa necesario os horarios ás necesidades do alumnado. Os especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, reuniranse coas diferentes titorías para facer un seguimento do alumnado que recibe apoio, e transmitirán ás súas inquiredanzas ao Departamento de Orientación.

4. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA NORMATIVA

O Plan de Orientación aséntase fundamentalmente na seguinte normativa legal:

- *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa.*
- *Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo decreto anterior.*

- *Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.*
- *Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, FP e innovación educativa pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.*
- *Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a*
- *escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.*
- *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.*
- *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.*
- *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.*
- *RD 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente.*
- *Decreto 330/2009 do 4 de xuño de 2009 pola que se establece o currículo da educación Infantil.*
- *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

- *ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

5. OBXECTIVOS

5.1. XERAIS

- Garantir ao alumnado do centro o exercicio do dereito á educación.
- Contribuír ao desenvolvemento de medidas de atención á diversidade do alumnado.
- Favorecer a individualización do ensino.
- Previr e atender as dificultades de aprendizaxe.
- Contribuír a axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante as oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas.
- Favorecer os procesos de madurez persoal, adquisición da propia identidade e sistema de valores.
- Axudar ó alumno a tomar decisións en orde o seu proxecto de vida.
- Contribuír á axeitada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa, así coma entre a comunidade educativa e o entorno social.

5.2. ESPECÍFICOS

A avaliación de necesidades como primeira fase da intervención Orientadora permítenos analizar o contexto educativo, a fin de poder determinar posibles necesidades educativas, sentando as bases para o establecemento dos obxectivos e das liñas prioritarias de actuación.

Realizamos unha avaliación sistémica relacionada cos distintos ámbitos e axentes de intervención, sen perder de vista ó centros adscrito e á comunidade educativa.

Os instrumentos e recursos empregados serán: as reunións individuais e colectivas cos membros do equipo educativo, análise de documentos (memoria anual anterior, expedientes, informes...), observación, rexistro das demandas efectuadas polos profesores/as, pais e nais, e alumnos/as que se acheguen ao departamento, reunións e a observación directa.

A nivel os obxectivos neste curso 2020/2021 son:

- Respecto aos Centros Educativos:
 - Atender ós requirimentos acaecidos debido a nova situación sanitaria actual vencellada ó COVID-19.
 - Xerar e facer chegar ferramentas que equilibren as inquedanzas emocionais da comunidade educativa neste contexto pandémico global.
 - Crear un clima de relación e traballo en equipo, con reparto de tarefas.
 - Establecer unha boa coordinación co equipo directivo do Centro. Procurarase que exista unha información fluída e un intercambio de opinións e propostas.
 - Dotar ao Departamento de Orientación de recursos e materiais necesarios.
 - Participar na Comisión de Coordinación pedagóxica para a elaboración de medidas de atención á diversidade.
 - Continuar a mellorar a coordinación co IES adscrito.
 - Participar activamente nas diferentes actividades, conmemoracións e efemérides que se desenvolvan no centro educativo.
 - Participar na revisión dos documentos do Centro.

- Respecto aos alumnos/as:
 - Priorizar unha adaptación positiva do alumnado, sobre todo incidindo na esfera emocional, a esta nova realidade escolar do COVID-19.
 - Desenrolar e potenciar a orientación a tódolos alumnos/as en función das súas características, capacidades e necesidades propias, facendo especial fincapé nos estudantes que precisan unha especial atención.
 - Axudarlles nos momentos claves, como ingreso no centro e cambio de nivel ou etapa.
 - Contribuír á introdución e desenrolo de metodoloxías didácticas innovadoras na escola (en tódalas etapas educativas): por exemplo: programas de mellora da intelixencia, comprensión lectora, atención, autoestima, autoconceito, memoria e habilidades sociais.

- Facilitar reforzos pedagóxicos a aqueles alumnos/as que o necesiten, colaborando na realización de adaptacións curriculares diversificadas (ACS) e en reforzos educativos.
 - Asesorar aos alumnos na adquisición de hábitos de traballo e técnicas de estudo.
 - Promover unha convivencia axeitada, reducindo os problemas de conduta e facilitando a integración ao centro de todo o alumnado.
 - Visitar, cara o final de curso, co alumnado de 6º curso ao IES Julio Prieto Nespereira (sempre que a situación pandémica mellore e as condicións hixiénico-sanitarias o permitan) .
- Respecto aos profesores/as:
- Aconsellos a desenvolver unha acollida afectuosa co alumnado, priorizando a adaptación do mesmo a esta nova realidade escolar, validando os seus sentimentos e anticipándose e informando de calquera circunstancia socioemocional que lles chame a atención.
 - Aportarlles información e orientalos sobre o tipo de avaliación psicopedagóxica aconsellable para os seus alumnos/as, tendo en conta as características de cada un deles.
 - Mellorar a coordinación dos tutores/as cos/as profesores/as especialistas á hora de intervir co alumnado con NEAE.
 - Dinamizar a acción tutorial, a través das reunións cos tutores/as dos diferentes niveis educativos.
 - Colaborar na prevención, detección e orientación de problemas ou dificultades educativas, de desenrolo e aprendizaxe que presentan os seus estudantes, elaborando, na medida das súas posibilidades, estratexias e medios para a súa intervención.
 - Orientalos nos procesos de avaliación, recuperación, reforzo, apoio psicopedagóxico, criterios de promoción e posibles consecuencias.

- Asesorar e ofrecer recursos ao Equipo Directivo e profesorado para mellorar a atención á diversidade.
 - Asesorar ao profesorado na utilización de técnicas de traballo intelectual que melloren o rendemento escolar.
 - Asesoralos no desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar as relacións sociais e a convivencia nos centros.
 - Implicar aos titores/as e aos profesores/as en xeral nas problemáticas específicas dos alumnos. É necesario manexar e recoller a información pertinente que o alumno/a posúe no seu expediente ou no programa XADE, para poder facer unha boa intervención conxunta.
 - Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación que teñan relación coas necesidades do centro.
 - Asesorar aos titores e ao profesorado en xeral na cumprimentación da documentación académica do alumnado, en especial dos que reciben medidas de atención á diversidade, propondo as oportunas modificacións.
- Respecto ás familias:
- Instar a proporcionar ó centro educativo información sobre a situación familiar, sobre todo tendo en conta a situación pandémica actual.
 - Fomentar e facilitar a relación familia-titor-demaís profesores para a procura de solucións aos problemas ou dificultades que todo alumno/a en maior ou menor grao atopa ao longo da súa aprendizaxe.
 - Asesorar e orientar á familia, tanto de forma colectiva coma individual, para que asuma a súa responsabilidade na formación dos seus fillos.
 - Desenrolar actividades de formación de familias para facilitarlles a súa tarefa educativa mediante lecturas, charlas, coloquios, conferencias... sobre aspectos educativos.
 - Incentivar a súa colaboración para o desenrolo de actividades ou programas que se realizan no centro, potenciando así a relación entre familias e docentes.

- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos coa finalidade de mellorar as relacións sociais e a convivencia no centro.
- Respecto a outros organismos
 - Coordinarse co entorno social en xeral: institucións educativas, de servizos sociais, de saúde, etc., para buscar conxuntamente solucións que se poden empregar no marco escolar.
 - Facilitar vías de solucións aos problemas ou dificultades que non se poden resolver no propio centro.
 - Participar no desenvolvemento de programas que elabore ou promova o Equipo de Orientación Específico.

6. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

6.1. ACCIÓNS PRIORITARIAS

No presente curso 2020/2021 este Departamento de Orientación planificou o seguinte plan de traballo:

Acción inicial dada a situación pandémica global: plan de acollida emocional fronte ó COVID-19.

Entre as accións propostas estarían:

Para as familias:

1. Informarse e coñecer o máximo de detalles de como se vai desenvolver o proceso de escolarización este curso.
2. Proporcionar ó centro educativo información sobre a situación familiar.
3. Que a crianza acuda ó centro previamente acompañando a un proxenitor, se é posible, ou comentar con antelación en familia os cambios acontecidos no colexio, de cara a que o alumnado se faga unha imaxe consciente na súa mente do que vai ser a nova vida escolar.

4. Recomendación expresa ás familias da necesidade de dialogar cos seus fillos e fillas durante os primeiros días de colexio sobre a realidade escolar, anticipándonos a posibles sinais de ansiedade e desactivando así o botón de ameaza no seu cerebro.
5. Validar sempre as emocións dos nenos e nenas con palabras.

Para os docentes:

1. Elaborar unha pequena guía para o alumnado explicando de maneira visual como será a volta ó cole, así como unha carta de benvida.
2. Desenvolver unha acollida afectuosa co alumnado: coidando a comunicación non verbal e amosando confianza e empatía.
3. Priorizar a adaptación do alumnado a esta nova realidade escolar fronte ó meramente curricular: non busquemos os resultados, coidemos os procesos.
4. Validar os sentimentos do alumnado respectando as súas reaccións: se se senten comprendidos, a mensaxe que lles damos é que contan con axuda.
5. Promover conexión: círculo en assemblea, actividade de mindfulness, preparando co grupo recursos para cando se sinta inseguridade.
6. Divertirse, xa que a risa axuda a eliminar o estrés e ademais axudará a relacionar a experiencia como positiva.
7. Anticipar e informar sempre, non dando por feito que coñecen por enteiro o protocolo COVID.
8. Levar a cabo actividades de autoconsciencia e calma. Por exemplo: “O reloxo das emocións”, actividade na que o obxectivo é poñer nome á emoción que se está sentindo nun determinado momento, tendo en conta que unha mesma situación pode provocarnos emocións diferentes dependendo da persoa da que se trate.
9. Actividades de presentación e coñecemento. Por exemplo a seguinte. Cada un dos participantes contarán ao resto tres situacións breves sobre si mesmo, destas dúas son verdadeiras e unha é falsa. Pode comezar o/a titor/a así poderá servir de exemplo para que se entenda a tarefa para realizar: A miña cor favorita é o amarelo; este verán viaxei por toda Europa; encántanme a música rock. Unha vez contadas, o resto do alumnado terá que pescudar.

10. Asemade deixar lugar para realizar actividades de cara a traballar a adaptación do alumnado (por ex.: unha visita guiada polos espazos escolares), para traballar as emocións xerais (por ex.: cos nenos e nenas de 3 anos traballaremos imaxes cos hábitos de dar e recibir axuda, falando sobre o que ven e o que lles parece) e específicas (por ex.: realizando un debuxo do coronavirus) e por suposto de concienciación e prevención no COVID (por ex.: de coidado e limpeza dos materiais).
11. E non esquecerse de dinámicas para crear grupo, onde se traballará a comunicación, a confianza e a resolución de conflitos, entre outros aspectos. Unha actividade tipo pode ser facer un circuíto cos ollos pechados guiándonos unicamente coas orientacións de membros do grupo-clase.

1ª acción: Plan de Atención á Diversidade e alumnos/as con NEAE.

- Asesorar ao profesorado para mellora-la atención á diversidade.
- Organiza-los apoios dentro e fóra da aula segundo cada caso.
- Colaborar co profesor/a titor na avaliación inicial do alumnado que comeza Educación Primaria e realiza-las avaliacións psicopedagóxicas que, como consecuencia, se consideren pertinentes.
- Revisión, seguimento e modificación das adaptacións curriculares e reforzos educativos xa existentes e, cando sexa necesario, a súa modalidade de escolarización.
- Avaliación psicopedagóxica dalgún caso novo e realización, se é necesario, de adaptacións curriculares ou reforzos educativos.
- Diseñar accións de atención temperá para previr NEAE (alumnos con altas capacidades, procedentes do estranxeiro ou con N.E.E., avaliación da linguaxe en educación infantil).
- Participar na elaboración de medidas de atención á diversidade, nos plans de apoio e nos programas de intervención que deberán desenvolverse ao longo do presente curso escolar.
- Prevención de posibles dificultades e diminución de factores de risco.

- Atención ao alumnado procedente de estranxeiro.
- Posta en contacto co EOE para casos concretos.

2ª acción: Plan de Acción Tutorial (PAT).

- Fomentar a integración de tódolos alumnos a través de plans de acollida.
- Mellora-la lectura en tódolos seus ámbitos (vocabulario, comprensión, velocidade...), apoiando o Plan Lector.
- Desenvolver accións dirixidas ao fomento da tolerancia e á mellora da convivencia na comunidade educativa.
- Fomentar e valorar o esforzo no traballo e nas tarefas ben realizadas.
- Potenciar a aprendizaxe da lingua e das matemáticas que, por teren carácter instrumental, van facilitar a adquisición doutros contidos curriculares.
- Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudio e traballo e desenrolar técnicas de traballo intelectual.
- Revisión do Plan de Acción Tutorial do centro.
- Asesorar aos equipos docentes e ás familias en temas de avaliación e promoción.

3ª acción a prol da coordinación.

- Reunións da Orientadora, a comezo de curso, cos profesores que imparten clase por primeira vez a un grupo de alumnos.
- Reunión da xefa do Departamento cos titores, profesores de PT, AL e demais profesores que imparten clases a alumnos de NEAE.
- Reunións da Orientadora e dos profesores implicados cos pais dos alumnos de NEAE e daqueles que se considere necesario.
- Reunións de coordinación vertical.
- Recoller as conclusións das reunións dos distintos ciclos ou niveis e unificalas no Departamento.
- Reunión da xefa do Departamento cos titores e profesores de PT, AL coa periodicidade que sexa necesaria.

- Informar as familias sobre temas educativos (novidades, dificultades, prevención de certas condutas, pautas metodolóxicas...).

4ª acción: Emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e o asesoramento con recursos para o profesorado dos centros educativos e as familias.

6.2. PLAN XERAL DE TRABALLO

<i>Datas</i>	<i>Actividades</i>	<i>Responsables</i>	<i>Seguimento</i>
<i>Plan de orientación</i>			
<i>Outubro</i>	<i>Constitución do Departamento de Orientación.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Elaboración de horarios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe.</i>	<i>Orientadora Xefe de estudos</i>	<i>Orientadora Xefe de estudos</i>
<i>Outubro</i>	<i>Organizar os apoios dentro das aulas por parte dos distintos profesores.</i>	<i>Orientadora Xefe de estudos</i>	<i>Orientadora Xefe de estudos</i>
<i>Outubro</i>	<i>Dar información aos titores do grupo que lle foi asignado e dos alumnos do mesmo.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Revisión do Plan de orientación.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Presentación do PXA, PO, PAT, PXAD á comunidade educativa e á inspección.</i>	<i>Dirección</i>	<i>Dirección</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Reunións do Departamento de Orientación.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Coordinación horizontal: organizar reunións entre os distintos Niveis e Etapas educativas.</i>	<i>Orientadora Xefe de estudos e Directora</i>	<i>Orientadora Xefe de estudos e Directora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Organizar e poñer en marcha a aula de Convivencia Inclusiva incluíndoa no Plan de Convivencia</i>	<i>Departamento de Orientación Comisión pedagóxica</i>	<i>Departamento de Orientación Comisión pedagóxica</i>

<i>Outubro</i>	<i>Formar e constituír a comisión de convivencia</i>	<i>Directora</i>	<i>Directora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Revisar o Plan de convivencia</i>	<i>Dirección</i>	<i>Dirección</i>
<i>Outubro</i>	<i>Poñer en funcionamento a aula de convivencia</i>	<i>Dirección</i> <i>Xefe de estudos</i>	<i>Dirección</i> <i>Xefe de estudos</i>
<i>Novembro</i> <i>Decembro</i>	<i>Aplicar o Plan de convivencia</i>	<i>Directora</i> <i>Comisión de convivencia</i>	<i>Directora</i> <i>Comisión de convivencia</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Incrementar o material do departamento, fundamentalmente probas de diagnóstico, material para traballar coas familias e cos estudantes as emocións, as condutas, habilidades sociais e convivencia e material específico para traballar con algúns alumnos de NEAE.</i>	<i>Directora e</i> <i>Orientadora</i>	<i>Directora e</i> <i>Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Recoller as conclusións das reunións do profesorado e unificalas no departamento.</i>	<i>Xefe de estudos e</i> <i>Orientadora</i>	<i>Xefe de estudos e</i> <i>Orientadora</i>
<i>Xaneiro e</i> <i>Abril</i>	<i>Facer o seguimento do PO, PAT, PXAD.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Coordinar e dar información aos orientadores dos centros que recibiron os alumnos que remataron a Educación Primaria en xuño.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>2º e 3º</i> <i>trimestre</i>	<i>Organizar e coordinar xunto cos IES correspondentes o paso dos alumnos que rematan a Etapa de E. Primaria a Etapa da Educación Secundaria.</i>	<i>Directora</i> <i>Xefe de estudos</i> <i>Orientadora</i> <i>Profesorado titor de</i> <i>6º Nivel de E.</i> <i>Primaria.</i>	<i>Directora</i> <i>Xefe de estudos</i> <i>Orientadora</i> <i>Profesorado titor de</i> <i>6º Nivel de E.</i> <i>Primaria.</i>
<i>No momento</i> <i>en que a ad-</i> <i>ministración</i> <i>o determine</i>	<i>Realizar a avaliación diagnóstica aos alumnos de 3º e 6º Nivel de E.P.</i>	<i>Comisión de</i> <i>avaliación</i> <i>diagnóstica</i>	<i>Comisión de</i> <i>avaliación</i> <i>diagnóstica</i>

Xuño	<i>Preparar no departamento orientacións para as reunións dos titores cos alumnos que rematan Etapa (6º Nivel de EI e 6º Nivel de EP).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
Xuño	<i>Facer a avaliación do PO, PAT, PXAD</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
Xuño	<i>Elaboración da memoria do Plan de Orientación</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
Xuño	<i>Presentar a memoria ao Claustro, ao Consello escolar e á Inspección Educativa.</i>	<i>Dirección</i>	<i>Dirección</i>
<i>Plan de avaliación inicial do alumnado de Educación Primaria</i>			
<i>Outubro e novembro</i>	<i>Desenvolver o Plan de avaliación inicial do alumnado de EP (1º N de EP).</i>	<i>Orientadora Profesores/as titores/as</i>	<i>Orientadora Profesores/as titores/as</i>
<i>Novembro</i>	<i>Dar información e orientacións aos profesores destes alumnos avaliados de 1º Nivel de EP.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Novembro</i>	<i>Dar información e orientacións aos pais, que se considere necesario, despois de aplicar o Plan de avaliación inicial do alumnado de EP (1º N de EP).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Decembro e xaneiro</i>	<i>Organizar os apoios necesarios.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Plan de avaliación da linguaxe oral</i>			
<i>Outubro</i>	<i>Facer o seguimento do Plan de avaliación da linguaxe oral ó alumnado de 6º Nivel de Educación Infantil (5 anos).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Xaneiro</i>	<i>Facer de novo o seguimento do Plan de avaliación da linguaxe oral ó alumnado de 6º Nivel de Educación Infantil (5 anos).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>

<i>Xaneiro e febreiro</i>	<i>Desenvolver o Plan de avaliación da linguaxe oral en Educación Infantil o alumnado do 5º Nivel de E.I. (4 anos).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Febreiro</i>	<i>Dar información e orientacións aos profesores dos alumnos aos que se lles aplicou o Plan de avaliación da linguaxe oral en Educación Infantil (5º Nivel EI).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Febreiro Marzo</i>	<i>Dar información e orientacións aos pais, que se considere necesario, despois de aplicar o Plan de avaliación da linguaxe oral en Educación Infantil (5º Nivel EI).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Marzo</i>	<i>Derivar a estimulación Temperá aqueles alumnos que se considere necesario.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Organizar os apoios que sexan necesarios.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Plan de seguimento do alumnado de Educación Primaria</i>			
<i>Abril, maio</i>	<i>Desenvolver o Plan de seguimento do alumnado de EP (2º , 4º de EP).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Maio xuño</i>	<i>Dar información e orientacións aos profesores dos alumnos aos que se lles aplicou o Plan de seguimento do alumnado de EP (2º , 4º de EP).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Maio Xuño</i>	<i>Dar información e orientacións aos pais, que se considere necesario, despois de aplicar o Plan de seguimento do alumnado de EP (2º 4º de EP).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Organizar os apoios que sexan necesarios.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Plan de acollida ao alumnado</i>			

<i>Outubro</i>	<i>Continuar aplicando o Plan de acollida ó alumnado de EI. No momento da chegada do alumnado ó centro.</i>	<i>Directora, Xefe de estudos, Orientadora, profesoras de E.I.</i>	<i>Directora, Xefe de estudos, Orientadora, profesoras de E.I.</i>
<i>Abril</i>	<i>Revisar o Plan de acollida aos alumnos que se incorporan para o curso próximo en E. I. (4º Nivel).</i>	<i>Orientadora, Xefe de estudos, e profesorado de EI</i>	<i>Orientadora, Xefe de estudos, e profesorado de EI</i>
<i>Xuño</i>	<i>Comezar a aplicación do Plan de acollida aos pais e alumnos de EI. Reunión cos pais, visita dos nenos ao centro.</i>	<i>Directora, Xefe de estudos, Orientadora e coordinadora de E.I.</i>	<i>Directora, Xefe de estudos, Orientadora e coordinadora de E.I.</i>
<i>Plan de acollida ao profesorado</i>			
<i>Outubro e resto do curso</i>	<i>Aplicar o Plan de acollida o profesorado</i>	<i>Equipo directivo</i>	<i>Equipo directivo</i>
<i>Marzo</i>	<i>Revisar o Plan de acollida aos profesores de nova incorporación</i>	<i>Orientadora, Xefe de estudos</i>	<i>Orientadora, Xefe de estudos</i>
<i>Plan xeral de atención a diversidade (PXAD)</i>			
<i>Outubro</i>	<i>Coñecemento do listado de alumnos con necesidades educativas con informe e ditame de escolarización.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Revisión e análise dos documentos que constan no expediente dos alumnos de nova incorporación ao centro.</i>	<i>Orientadora, PT, AL e titor/a</i>	<i>Orientadora, PT, AL e titor/a</i>
<i>Outubro</i>	<i>Facer o seguimentos dos alumnos de NEAE que se considere necesario.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Ver expedientes, resultado da avaliación de xuño (programas de intervención) dos alumnos de NEE</i>	<i>Orientadora Profesorado de PT Profesorado de AL</i>	<i>Orientadora Profesorado de PT Profesorado de AL</i>
<i>Setembro Outubro</i>	<i>Facer reunións co profesorado destes alumnos de NEE.</i>	<i>Orientadora Profesorado de PT Profesorado de AL</i>	<i>Orientadora Profesorado de PT Profesorado de AL</i>

<i>Outubro</i>	<i>Facer reunións cos pais destes alumnos de NEAE</i>	<i>Orientadora Profesorado de PT Profesorado de AL</i>	<i>Orientadora Profesorado de PT Profesorado de AL</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Revisar os expedientes dos alumnos que se incorporan a EP procedentes doutros centros.</i>	<i>Orientadora Titor/a</i>	<i>Orientadora Titor/a</i>
<i>Outubro</i>	<i>Acondicionamento das aulas e organización dos recursos.</i>	<i>Orientadora, PT,AL</i>	<i>Orientadora, PT,AL</i>
<i>Outubro</i>	<i>Realizar inventario dos materiais e recursos dispoñibles.</i>	<i>Orientadora, PT,AL</i>	<i>Orientadora, PT,AL</i>
<i>Outubro</i>	<i>Revisión do PXAD.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Organizar os apoios pouco significativos dentro da aula.</i>	<i>Xefe de estudos e Orientadora</i>	<i>Xefe de estudos e Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>Organizar os apoios do alumnado de NEAE dentro e fóra da aula.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Outubro</i>	<i>En base aos horarios das aulas, elaboración de horarios dos apoios a alumnos de NEAE e polo tanto, os horarios dos prof. especialistas en PT e AL.</i>	<i>Xefe de estudos e Orientadora.</i>	<i>Xefe de estudos e Orientadora.</i>
<i>Outubro e Novembro</i>	<i>Elaborar os Plans de apoio e os programas de intervención.</i>	<i>Orientadora, PT, AL, Titor/a</i>	<i>Orientadora, PT, AL, Titor/a</i>
<i>Novembro</i>	<i>Facer unha avaliación completa aos alumnos aos que se lles detectaron dificultades despois de desenvolver o plan de avaliación inicial ao alumnado de EP (1º Nivel).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Detectar e diagnosticar alumnos de NEAE.</i>	<i>Titor/a e Orientadora</i>	<i>Titor/a e Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Dar orientacións e información aos pais e aos profesores dos alumnos diagnosticados.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Redactar e revisar os informes dos alumnos de NEAE.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Revisión e elaboración de ACS.</i>	<i>Orientadora, PT, AL, Titor/a</i>	<i>Orientadora, PT, AL, Titor/a</i>

<i>Todo o curso</i>	<i>Realizar reunións de coordinación.</i>	<i>Orientadora, Xefe de estudos, Profesor titor/a, PT, AL</i>	<i>Orientadora, Xefe de estudos, Profesor titor/a, PT, AL</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Seleccionar e preparar materiais para o alumnado con NEAE.</i>	<i>Orientadora, profesores de PT e AL</i>	<i>Orientadora, profesores de PT e AL</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Adquisición de materiais de distinto tipo para as actividades de apoio.</i>	<i>Directora, Orientadora, PT e AL</i>	<i>Directora, Orientadora, PT e AL</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Adquisición de materiais de diagnóstico</i>	<i>Directora, Orientadora</i>	<i>Directora, Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Xuntanzas cos apoios externos que poidan estar a recibir os alumnos/as.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Coordinación con outros servizos externos: EOE; Servizos Sociais, Cruz Vermella...</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Xaneiro Abril</i>	<i>Levar a cabo os acordos das avaliacións.</i>	<i>Orientadora, Titor/a e profesorado implicado</i>	<i>Orientadora, Titor/a e profesorado implicado</i>
<i>Xaneiro Abril</i>	<i>Revisar e facer posibles modificacións nos plans de intervención.</i>	<i>Orientadora, Titor/a, PT, AL e outros profesorado implicado</i>	<i>Orientadora, Titor/a, PT, AL e outros profesorado implicado</i>
<i>Marzo</i>	<i>Facer unha avaliación completa aos alumnos aos que se lles detectaron dificultades despois de desenvolver o plan de avaliación da linguaxe oral en EI (5º N de EI).</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Xaneiro Abril</i>	<i>Revisar os apoios e facer posibles modificacións segundo os resultados das avaliacións.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Marzo</i>	<i>Valorar a promoción do alumnado de NEAE e informar ás familias.</i>	<i>Titor/a e Orientadora</i>	<i>Titor/a e Orientadora</i>
<i>Xuño</i>	<i>Valoración do PXAD.</i>	<i>Orientadora e resto do profesorado</i>	<i>Orientadora e resto do profesorado</i>

Plan de acción Titorial (PAT)			
<i>Outubro</i>	<i>Realizar actividades de acollida os primeiros días de clase.</i>	<i>Titores/as</i>	<i>Titores/as</i>
<i>Outubro</i>	<i>Revisión do PAT.</i>	<i>Orientadora</i>	<i>Orientadora</i>
<i>Novembro</i>	<i>Planificar as reunións xerais con tódolos pais.</i>	<i>Xefa de Estudos Orientadora e Titores/as</i>	<i>Xefa de Estudos Orientadora e Titores/as</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Realizar entrevistas coas familias.</i>	<i>Titores/as</i>	<i>Titores/as</i>
<i>Decembro Marzo Xuño</i>	<i>Realizar as sesións de avaliación.</i>	<i>Titores/as, Xefe de estudos, Orientación e profesores/as</i>	<i>Titores/as, Xefe de estudos, Orientación e profesores/as</i>
<i>Xaneiro Abril</i>	<i>Analizar os resultados das avaliacións.</i>	<i>Titores/as, Xefe de estudos, Orientación e profesores/as</i>	<i>Titores/as, Xefe de estudos, Orientación e profesores/as</i>
<i>Decembro Marzo e xuño</i>	<i>Informar dos resultados académicos ás familias.</i>	<i>Titores/as</i>	<i>Titores/as</i>
<i>Xaneiro Abril</i>	<i>Realizar os acordos das avaliacións.</i>	<i>Titores/as, Xefe de estudos, Orientación e profesores/as</i>	<i>Titores/as, Xefe de estudos, Orientación. e profesores/as</i>
<i>Xuño</i>	<i>Facer proposta de actividades de recuperación para os alumnos que o necesiten.</i>	<i>Profesores de área</i>	<i>Profesores de área</i>
<i>Xuño</i>	<i>Cubrir informes individualizados de cada alumno/a.</i>	<i>Titores/as</i>	<i>Titores/as</i>
<i>Todo o curso</i>	<i>Realizar reunións de coordinación entre o profesorado implicado e a Orientadora.</i>	<i>Profesorado e Orientadora</i>	<i>Profesorado e Orientadora</i>

<i>2º e 3º trimestre</i>	<i>Organizar e coordinar xunto cos IES correspondentes o paso dos alumnos que rematan a Etapa de Educ. Primaria e inician a Etapa da Educación Secundaria.</i>	<i>Directora Xefe de estudos Orientadora Profesor titor de 6º Nivel de Educ. Primaria.</i>	<i>Directora Xefe de estudos Orientadora Profesor titor de 6º Nivel de Educ. Primaria.</i>
<i>Xuño</i>	<i>Facer unha reunións cos pais dos alumnos que rematan Etapa (6º Nivel de EI e 6º Nivel de EP) para facer unha valoración da mesma e darlles orientacións de cara a Etapa que van a comezar.</i>	<i>Orientadora Profesores titores/as</i>	<i>Orientadora Profesores titores/as</i>
<i>Xuño</i>	<i>Valoración do PAT.</i>	<i>Orientadora e resto do profesorado</i>	<i>Orientadora e resto do profesorado</i>

7. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Nas actuacións do Departamento de Orientación procurarase unha metodoloxía que implique tanto a toda a comunidade educativa como aos servizos do entorno, con accións globais que repercutan en todo o proceso educativo, favorecendo un clima de colaboración, diálogo e participación.

Dada a diversidade do alumnado e os distintos programas e actividades propostas neste Plan, establecerase unha liña de intervención baseada nunha postura ecléctica, dependendo da persoa, da situación, do momento ou doutras variables.

O modelo educativo da orientación é o modelo no que se enmarcan as actuacións deste Departamento, que se desenvolve a través de programas e se articula nos seguintes elementos:

- Titoría como elemento formalmente individualizador do ensino e que harmoniza os aspectos curriculares e instrutivos e os educativos amplamente entendidos. Destacar as tres liñas da acción titorial: ensinar a ser persoa, ensinar a convivir e ensinar a pensar ou aprender a aprender.
- Orientación educativa como o concepto extenso de apoio ao proceso de maduración e construción persoal do individuo encamiñada á concreción da súa posición no entorno persoal e social.

- Educación de apoio como o proceso de soporte e individualización do ensino dacordo coas necesidades educativas especiais ou ordinarias que todo alumno de xeito específico ten, empregando un conxunto de estratexias que complementan consolidan e/ou enriquecen a acción educativa ordinaria e principal, ben temporal ou permanentemente.
- Orientación psicopedagóxica como proceso de intervención de persoas ou estruturas que asisten ao profesorado para asesorar ou cooperar con el no desenvolvemento da función docente ordinaria ou específica.
- Actuación a través do deseño e desenvolvemento de programas orientadores e educativos, dando prioridade ás accións preventivas e á potenciación da acción. Considérase imprescindible para a súa implementación o establecemento de liñas de coordinación a través de reunións periódicas entre os diferentes axentes que interveñen no desenvolvemento do Plan, principalmente entre a xefatura de estudos, Orientadora, e titores/as, sen esquecer a colaboración con outras institucións.
- Función asesora e puntual, modelo counseling, en resposta ás demandas da comunidade educativa. Sempre desde unha perspectiva integral e educativa, psicolóxica e pedagóxica, dentro dun contexto de colaboración, que pode derivar, en ocasións, nun programa deseñado ao efecto. Gran parte das actuacións da orientación inseriranse a través do PAT, e outras, no desenvolvemento das programacións das distintas áreas. Implicarán a todo o profesorado, coordinados polo titor/a e estes pola xefatura de estudos e o DO.

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O seguimento e a avaliación interna levarase a cabo por todos os implicados no plan. O procedemento de avaliación será a análise e revisión do plan a distintos niveis:

- Profesor/a titor/a co seu grupo de alumnos/as.
- O profesor/a titor/a coas familias dos seus alumnos/as.
- O Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos co profesorado titor.

- O Claustro de profesores.

A avaliación centrarase na análise do grao de consecución dos obxectivos expostos, na adecuación das medidas educativas adoptadas e nas posibles modificacións a efectuar para cursos posteriores.

Teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios de avaliación:

- A satisfacción das persoas que participaron no seu deseño e aplicación.
- Adecuación do Plan ás necesidades reais dos destinatarios.
- Grao de consecución dos obxectivos previstos.
- Adecuación das actividades programadas.
- Adecuación dos recursos dispoñibles.
- Adecuación da temporalización.
- Adecuación do horario.
- Grao de participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.
- Grao de implicación nas mesmas.

Para realizala utilizaranse ou elaboraranse os materiais que se consideren máis oportunos (questionarios dirixidos aos destinatarios das intervencións, reunións grupais, intercambios verbais, contraste de experiencias, análise de niveis de participación, fichas de recollida de datos...) e os resultados reflectiranse na memoria final de curso.

Ourense, a 9 de outubro de 2021.

A xefa do Departamento de Orientación,

Asdo: Vanessa D. Rodríguez Basteiro.